



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2009 12:18
Nº Rexistro: 06395
Data envío: 27/08/2009 12:18:12.405


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa aos criterios utilizados pola Secretaría Xeral de Comunicación para a distribución de axudas públicas para o fomento da lingua galega ás empresas xornalísticas e de radiodifusión.

A Resolución do 25 de xuño de 2009 (publicada no Diario Oficial de Galiza o 14 de Agosto de 2009) dálles publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas ás empresas xornalísticas e de radiodifusión por parte da Secretaría Xeral de Comunicación.

Trátase dun total de 2'53 millóns de euros a repartir entre 28 empresas, se ben moitas delas se inclúen nun mesmo grupo empresarial. Moitas das empresas beneficiadas caracterízanse por un nulo compromiso co idioma galego, mesmo en ocasións por un combate aberto á identidade do noso país.

Curiosamente, a normativa que regula a concesión destas subvencións (Resolución do 21 de Novembro de 2008) introduce criterios en materia lingüística, nas actuacións subvencionábeis, que colisionan abertamente co comportamento e actitude fronte á lingua galega que seguen a manter moitos dos medios de comunicación que resultaron beneficiados por estas mesmas axudas. Así, por exemplo, o artigo 2.1. da citada Resolución do 21 de Novembro de 2008, establece con toda claridade, que os requisitos para acceder a estas subvencións pasan por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- * Empresas que publiquen ou difundan información orientadas “*a alentar a defensa da identidade de Galiza, a promoción dos seus valores, a normalización da lingua e a difusión da súa cultura*”.
- * “*Na súa produción informativa deberá ter un especial protagonismo o idioma galego*”.
- * Compromiso expreso de “*respectar, nas informacións redactadas en castelán, a lingua das declaracións da fonte ou persoa entrevistada*”.
- * “*Introducir a oferta positiva establecida no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, cando menos na relación xornalística cos representantes cidadáns a cargos de responsabilidade pública*”.
- * “*A oferta positiva consiste na adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a empresa e a persoa entrevistada*”.

Lamentablemente, segue a ser baixísima a presenza do idioma propio de Galiza en moitos destes xornais (hai honrosas excepcións) que, por certo, veñen recibindo un importante volume de ingresos procedentes da administración pública precisamente para impulsar o uso do galego.

É precisamente nos xornais con maior tiraxe (e máis subvencionados) nos que máis se practica unha política empresarial, perfectamente definida, de exclusión da lingua galega, que leva a que a lingua propia e maioritaria de Galiza se sitúe entre o 4% e 5% desas publicacións.

A política de imposición do español que practican eses mesmos medios, leva en moitas ocasións á tradución ao español de comunicados, entrevistas ou



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

declaracións inicialmente realizadas en galego. Mesmo hai xornais (que resultaron beneficiados por estas axudas!) que non están dispostos a publicaren declaracións en galego nin a solicitude do correspondente entrevistado ou entrevistada. Nestes casos, o veto é absolutamente democrático: ou as declaracións figuran en español, ou non hai información.

E son estes, precisamente, os medios de comunicación que veñen recibindo desde hai anos cuantiosas axudas económicas da administración pública galega. Por iso é máis difícil comprender a súa política de vulneración sistemática de dereitos e liberdades en materia lingüística, de exclusión do galego, e de imposición do español. É máis: hai xornais que utilizaban cuantitativamente máis o galego hai 30 anos do que o fan hoxe. E hai tamén algunha emisora de radio (tamén subvencionada, e pertencente a un grupo empresarial máis forte e “influyente”) que utiliza a lingua galega no 2% das súas emisións. O outro 98% en español: velaí o bilingüismo amábel e ben subsidiado.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Que avaliación realiza o Goberno de Galiza sobre o uso do galego nas empresas xornalísticas e de radiodifusión que resultaron beneficiadas pola Resolución do 25 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral de Medios?

2.^a) Á vista do evidente e reiterado incumprimento dos requisitos e obrigas contraídas por algunhas destas empresas na correspondente Resolución en relación co



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2009 12:18
Nº Rexistro: 06395
Data envío: 27/08/2009 12:18:12.405

uso do noso idioma, ten previsto iniciar procesos de devolución dos subsidios concedidos?

3.^a) Que seguimento se realiza para confirmar o cumprimento dos requisitos establecidos na Resolución de convocatoria das axudas?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 27/08/2009 12:17:32